

Bos días, familia:

As tarefas propostas para hoxe, mércores 29 de abril son as seguintes:

Unidade 5: “Unha viaxe divertida” (Dimensión Nubaris).

Actividades:

- Visualizar o vídeo que aparece na seguinte ligazón para coñecer os distintos medios de transporte, xogar a adiviñalos e diferenciar entre transportes terrestres, marítimos e aéreos:

<https://www.youtube.com/watch?v=ol11YcbRku8&t=2s>

- Libro informativo “Por terra, mar e aire”:
 - Presentar o libro mostrando a cuberta.
 - Observar as ilustracións das páxinas 2 e 3 e preguntar: que teñen que ter obrigatoriamente todos os transportes que se desprazan por terra? Observar que todos teñen rodas. Todos necesitan una estrada?.
 - Identificar o único medio de transporte que aparece na ilustración, que ten unha soa roda.
- Realización da lámina 05 da unidade 5:
 - Repasar por dentro, primeiro co dedo, e despois con pintura de dedos ou cores, o número 3.
 - No reverso, repasar o trazo do número 3 con lapis e despois con rotulador (opcional).
- Xogar a *Agrupar de tres en tres*: O xogo consiste en agrupar obxectos que teñades pola casa de tres en tres. Podedes utilizar legumes, pasta, papeliños ou calquer outra cousa que sexa manipulable. Podedes facer uns círculos nun papel e ir agrupando dentro dos círculos os obxectos de tres en tres.
- Realizar a actividade que se anexa a continuación.

Moitas grazas pola vosa colaboración.

Nome:

Data:

- Rodear e pontear os meios de transporte que van pola terra..

